

9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	5.090.285,43	1.565.881,92	6.656.167,35	5.090.285,43	1.565.881,92	6.656.167,35

Guitiriz,----- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1310

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 25 de abril de 2023, a modificación do regulamento de organización e funcionamento da escola infantil municipal do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 26 de abril de 2023.- Alcalde, Rocío Seijas Vázquez.

R. 1306

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía aprobouse a convocatoria e bases de selección de persoal para a provisión dunha praza de PEÓN de mantemento, ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos de 2023, como persoal laboral temporal, por período de 6 meses. As bases reguladoras estarán expostas na web do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 25 de abril de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1291

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/117, de data 21 de abril, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 21 de abril de 2023.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 1292

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/118, de data 21 de abril, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.